



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 22 DE XUÑO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:10 horas do día 22 de xuño de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 20-06-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. Pilar Alonso (asiste ao punto 2 d), 5 a), 6 c) e 7 c)).
D. Luis García Alvarez (asiste ao punto 6 a), 7 a) e 8 a)).
D. Benjaín Collazo (asiste ao punto 2 e) e 3 b).
D. José Angel Otero Lamas (asiste ao punto 6 d) e 7 b).
Dna. María José Loureiro. (asiste ao punto 6 b) e 7 b).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 04-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

b) Acta da sesión de 11-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

c) Acta da sesión de 18-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

d) Acta da sesión de 20-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Acta da sesión de 17-06-2016

Non se tratou este asunto porque non foron enviadas as actas.

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de Hostelería no local destinado a cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras. (expediente 2403-340).

Deuse conta en primeiro lugar polo Secretario da Mesa que non se presentaron ofertas a este procedemento.

A mesa por unanimidade acorda propoñer a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de Hostelería no local destinado a cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras. (expediente 2403-340) por non se ter presentado licitadores.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza en Vigozoo.(expediente 7145-612).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores relacionados a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

- Gallega de Proyectos y Servicios, S.A.
- Limpiadores Especialistas, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento da rúa Esperanto .(expediente 3767-440).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores relacionados a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1. CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, S L DOC 160079275
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ PORTELA,S L DOC 160079458
3. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU DOC 160079612
4. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES S L(ACEVI) DOC 160079868
5. CIVIS GLOBAL, SLU DOC 160079805
6. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L DOC 160079769
7. ORESA, S L DOC 160079751
8. ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA DOC 160080011
9. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S A
- 10.CETA CONTRATAS, S L
- 11.CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S L
- 12.CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L
- 13.PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A
- 14.CONSTRUCCIONES OREGA, S L
- 15.SERGONSA SERVICIOS, S L
- 16.COPCISA, S A
- 17.NAROM, S L
- 18.IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS

d) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Outorgar un prazo de tres días para que SAVIA S.L., declare a súa solvencia económica, financeira, técnica e profesional e acredite a propiedade do código fonte da aplicación GINPIX 7.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo. (expediente 5896-252).

En primeiro lugar a mesa acorda non aceptar a oferta presentada por Mantecer, S.L., xa que non comunicou o envío da mesa mediante fax ou telegrama a oficina de Rexistro Xeral.

Non se tratou este asunto xa que aínda non chegou a documentación coa subsanación do licitador ao que se lle requeriu e que aínda esta en prazo de presentar..

f) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).

Comprobouse en primeiro lugar que Construcciones Oreo, S.A. Completou a súa declaración responsable, polo que a mesa por unanimidade admite inicialmente no presente procedemento aos licitadores por ter presentado orrectamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma

3.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento da rúa Esperanto .(expediente 3767-440).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo. (expediente 5896-252).

Non se tratou este asunto xa que aínda non chegou a documentación coa subsanación do licitador ao que se lle requeriu.

4.- Apertura de ofertas económicas.

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de Hostelería no local destinado a cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras. (expediente 2403-340).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Non se tratou este asunto xa que non se presentaron oferats.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza en Vigozoo.(expediente 7145- 612).

En acto público abriuse o sobre C “oferta económica” das ofertas presentadas:

- Gallega de Proyectos y Servicios, S.A.: propón un prezo de 56.991 euros e unha bolsa de 90 horas. Non achega presuposto desglosado do servizo polo que a Mesa acorda Requeririllo.
- Limpiadores Especialistas, S.L.: propón un prezo de 59.262,17 euros e unha bolsa de 300 horas .

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

5.- Apertura de ofertas técnicas e económicas en procedementos negociados.

a) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).

Non se tratou este asunto xa que se lle requeriu documentación ao unico licitador presentado.

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).

En acto público abriuse o sobre B “oferta técnica e económica” das ofertas presentadas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Oreco, S.A.: propón un prezo de 224.000 euros .

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

6.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración integral na recadación e servizos de pagamento. (expediente 16026-541).

Faise entrega do informe do Tesoureiro Municipal de 15-06-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de folk e tradicional E-Trad. (expediente 17498-332).

Faise entrega do informe do Técnico Superior de Educación e a xefa do Servizo de Educación de 15-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público”. (expediente 7692-113).

Faise entrega do informe do xefe do servizo de Administración Electrónica de 15-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

d) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixueiro.(expediente 14667-333).

Faise entrega do informe dos arquitectos Municipais, D. Juan Luis piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso de 20-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

7-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración integral na recadación e servizos de pagamento. (expediente 16026-541).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Acéptase o informe do Tesoureiro Municipal de 15-06-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de folk e tradicional E-Trad. (expediente 17498-332).

Acéptase o informe do Técnico Superior de Educación e a xefa do Servizo de Educación de 15-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público”. (expediente 7692-113).

Acéptase o informe do xefe do servizo de Administración Electrónica de 15-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

d) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixueiro.(expediente 14667-333).

En primeiro lugar poñense de manifesto unhas discrepancias entre o informe coa puntuación e as tablas anexas ao mesmo.

Correxidos as discrepancias nun no vo informe que se entrega na sesión da mesa, acéptase o informe dos arquitectos Municipais, D. Juan Luis piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso de 22-06-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

8.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración integral na recadación e servizos de pagamento. (expediente 16026-541).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración integral na recadación e servizos de pagamento. (expediente 16026-541), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:

1.- ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A..

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA COORPORACION BANCARIA S.A.. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
 Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
 A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
 Resgardo da garantía definitiva por importe de 6.000 euros de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: Requerir ao citado licitador o aboamento de 924,80 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”

Cuarto: .Aceptar a condición de entidades colaboradoras unha vez que se asine o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, ás entidades financeiras seguintes:

- BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.
- BANCO PASTOR, SAU.
- BANCO SANTANDER, S.A.
- BANCO DE SABADELL, SA

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:30 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:47	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A74A-CF45CE-A4B553-ABJPTG-4BFE1Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		